

CASA PERDIDA

A Carmen Rebolledo Morales, in memoriam.

Se pecha os ollos, pode ver o corredor, longo e escuro, no que había un móbel con espello e paraugueiro, á dereita da porta de entrada. Unha porta de dobre folla cunha mira redonda e grande de latón, que a ela lle daba moito medo. Semellaba unha especie de flor cuxos pétalos se desprazaban e permitían ver quen estaba do outro lado. Algo aterrador, sospeitaba. Pero a ela non lle estaba permitido aproximarse á porta, moito menos abrila, porque só era unha nena e ademáis aquela tampouco era a súa casa. Era só un fogar temporal que a acollía, de luns a venres, de outubro a xuño, e máis nada.

Tamén pode ver as caixas que dona Carme amoreaba en distintos lugares da vivenda: na cociña a carón do aparador da louza, no comedor, onde nunca ninguén entraba, e na galería do fondo, sempre fechada. E había aínda máis caixas no seu cuarto, as de maior valor, se cadra. Caixas pequenas empoleiradas sobre outras máis grandes, máis pesadas. Todas elas atadas cun cordel con varios nós. Non, cun cordel non, cun bramante, agora lembra a palabra que a muller empregaba. Todas perfectamente embaladas, como se estivesen preparadas para unha mudanza

inmediata. Como se un camión fose aparcar diante da beirarrúa e baixase un home grande cunha manta gris na man para amparar as pezas delicadas.

As veces, dona Carme anicábase e remexía nunha caixa á procura dalgún obxecto que precisaba. Unha puntilla de encaixe. Ou unha estampa coa imaxe dalgún santo. Ou unha tarxeta pintada a man. Ou o libreto dunha zarzuela ou dunha obra de teatro, de Casona se cadra. Un escapulario, unha cinta de raso, un alfinete con cabeza de perla, un rosario de nácara, un vello libro das *Mil e unha noites* con fermosos gravados... todo iso aparecía ante os ollos asombrados da nena que a observaba. Obxectos vellos, anticuados, se cadra, mais tesouros de valor incalculábel para a propietaria. Nostáxicos anacos de vida. Testemuño dun tempo ido, en todo caso.

Unha vez, entregoulle uns pendentos de ouro con forma de corazón e unha flor en relevo no interior. Eran o agasallo polo aniversario, ou por Nadal, non pode agora precísalo. Outro día regaloulle un broche de metal cun cestiño de flores. Aínda os conserva, claro.

Conserva tamén nidia a lembranza da súa voz. Fina, delicada... musical, esa é a palabra. Gustáballe cantar zarzuelas —“Viejecita que vas al sarao, no sé por que vas...”— e recitaba de corrido versos das funcións que un día presenciara nos teatros da capital.

De tanto oíla, acabou aprendendo a versión da chicharra e a formiga que a muller representara na parroquia. Neste caso unha chicharra artista e unha formiga avarenta. Aínda lembra o comezo: “Va a nevar seguramente, pues esas nubes plumizas son de nieve...”; tamén o desenlace, coas dúas compartindo como boas amigas a casa da formiga unha vez que descubriron que arte e traballo son necesarios e complementarios.

Aprendeulle tamén a sombrear con *carboncillo* os debuxos e a borrar as manchas de lapis cunha miga de pan ben amasada entre os dedos.

Decote contaba historias doutro tempo. Cando vivía cos país e cos irmáns e visitaba coas amigas os salons máis elegantes da capital. E ría ao lembrar anécdotas divertidas que protagonizara. E emocionábase cando eran episodios terribéis da guerra os que relataba.

E lía, sempre estaba lendo, a carón da cociña de ferro na que ardían unhas pedras de carbón.

O cábelo branco con reflexos marelos contrastaba co paño negro do abrigo e coas zapatillas de cadros que arrastraba pola beirarrúa cando camiñaba apoiada no seu brazo.

Canto tempo haberá diso?

O suficiente para que aquela nena sexa hoxe unha muller que camiña á procura dos lugares da memoria. O ultramarinos no que compraba pan e friame; a droguería por riba da cal estaba o piso dos paxaros onde ían ver a tele algunhas tardes; a tenda que vendía as libras de chocolate Elgorriaga, o da campá, que traía uns cromos que coleccionaba; a confeitaría onde facían uns pastéis de merengue moi ricos, *manolitos* era como lles chamaban; a librería, preto do instituto, onde comprou *Heidi*, o primeiro libro que sentiu verdadeiramente seu; a tinturaría coas plantas de grandes follas tras dos vidros cubertos de bafo...

Pero xa nada está onde adoitaba.

Tampouco a casa que habitaban. Un piso baixo cuberta, nunha rúa ampia, moi transitada.

No seu lugar érguese agora un moderno e feo edificio alto con ventás de aluminio branco.

Celia Díaz Núñez